

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

Curso 2023-2024



ÍNDICE

I.-ANÁLISE DO CONTEXTO

1. Titularidade e financiamento
2. Situación xeográfica
3. Espazos dos que dispón o centro
4. Servizos que ofrece
5. Calendario e Horario do centro
6. Unidades e prazas autorizadas
7. Persoal do centro

II.-SINAIS DE IDENTIDADE

1. DEFINICIÓN DA ESCOLA
2. LINGUA DE APRENDIZAXE SEGUNDO A LEXISLACIÓN VIXENTE.
3. LIÑA METODOLÓXICA.
4. COEDUCACIÓN: A EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE.
5. COLABORACIÓN COS PAIS E NAI.
- 6.- PERÍODO DE ADAPTACIÓN

III.-OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

IV.- ORGANIZACIÓN ESCOLAR

1. PARTICIPACIÓN E GOBERNO DO CENTRO
2. ORGANIZACIÓN DO PERSOAL DO CENTRO
3. A DIMENSIÓN DO GRUPO
4. A TITORÍA NA ESCOLA INFANTIL
5. REUNIÓNS DO EQUIPO EDUCATIVO
6. A UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS ESCOLARES

V.- PROPOSTA EDUCATIVA....REAL DECRETO 150/2022

1. OBXECTIVOS
2. ORGANIZACIÓN DA XORNADA DIARIA
3. OS MATERIAIS
4. AVALIACIÓN

I.- ANÁLISE DO CONTEXTO.

1. TITULARIDADE E FINANCIAMENTO.

A Escola Infantil Municipal O Bosque é de titularidade municipal e está xestionada polo Concello de Ames.

Está subvencionada polo propio concello e, ao mesmo tempo, recibe unha subvención para o mantemento da Xunta de Galicia, ademais das cotas mensuais achegadas polas familias.

Ten unha misión educativa e entendemos todos os tempos de permanencia no centro como tempos educativos, segundo o principio de globalización da ensinanza en educación infantil.

As tarifas aplicables na escola infantil son as que aparecen na ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo das escolas infantís municipais do Concello de Ames e as que marca o Decreto 49/2012 do 19 xaneiro polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís.

2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA.

ENCADRAMENTO HISTÓRICO E XEOGRÁFICO.

O Concello de Ames está relacionado coa Maía, comarca habitada pola tribo celta dos Amaeos. Máis tarde, aparece co nome de Amaea como territorio e xurisdición que, no século XII, tiña categoría de arciprestado dependente da compostelá.

Pertencíanlle as parroquias de Brión, Ames e Covas.

A historia da Maía está ligada ao Condado de Altamira que ostentaba a poderosa familia Lope de Moscoso.

Esta comarca natural linda, polo sur, coas terras de Santiago; o curso do río Tambre sepáraa do Val do Dubra e do da Barcala, polo norte; a terra da Barbanza péchaa polo oeste e Veiga de Padrón, pola zona meridional. A comarca da Maía ocupa unha superficie de 154,7 km². O Concello de Ames, cunha superficie de 80,9 km², está situado ao oeste de Galicia e ao sur da provincia da Coruña da que forma parte administrativamente. Limita polo norte cos concellos de Val do Dubra e de Santiago de Compostela; polo leste, co de Santiago; polo sur, cos de Teo e Brión e, polo oeste, cos de Brión, Negreira e a Baña.

A súa situación xeográfica é: Latitude: 4 graos, 50 minutos, 7 segundos oeste, lonxitude: 42 graos, 54 minutos, 20 segundos norte, altitude: 130 m.


A capitalidade do concello correspóndelle a Bertamiráns, e a poboación aséntase fundamentalmente nos núcleos urbanos de Bertamiráns e do Milladoiro, nos núcleos rurais do val de Augapesada e nas parroquias de Bugallido, Biduído e Ortoño.

Dentro de Bertamiráns, atopase a Escola Infantil Municipal “O Bosque” na estrada que vai a Negreira, co seguinte enderezo: Avenida da Peregrina, nº 28 / 15220 Bertamiráns-Ames.

O Milladoiro sitúase xusto a entrada do Concello de Ames, vindo de Santiago de Compostela. Neste núcleo é onde se atopa a Escola Infantil Municipal A Madalena.

O Concello de Ames conta cunha poboación de 32.575 habitantes. Isto supón a densidade de habitantes por km² máis alta dos concellos limítrofes, a excepción de Santiago. A densidade de poboación de Ames é bastante superior á comarcal, á provincial á e autonómica. Esta relativamente alta densidade de poboación é un dos trazos invariables da demografía do concello ao longo de todo o presente século.

O territorio municipal de Ames abrangue once parroquias (Agrón, Ameixenda, Ames, Biduído, Bugallido, Covas, Lens, Ortoño, Piñeiro, Tapia e Trasmonte) e 116 núcleos de poboación. A superficie destas parroquias é moi variable. A máis grande é a de Ames con 16,30 Km² e a máis pequena a de Lens con 3,04 Km². O resto das parroquias, aínda que de tamaño dispar, achéganse bastante á media municipal que é de 6,75 Km².



3. ESPAZOS DOS QUE DISPÓN O CENTRO.

A escola ten dúas zoas perfectamente diferenciadas: unha a zoa principal onde se localizan as aulas de 0-1 anos/ 2-3 anos, e a segunda queda na parte posterior do edificio e corresponde as aulas de 1-2 anos, cada unha delas con todos os servizos necesarios para o seu desenvolvemento independente.

A continuación expoñeremos unha táboa onde enumeraremos todos os espazos existente en cada zona:

ZONA PRINCIPAL-INTERIOR	VESTÍBULO- RECEPCIÓN-TITORÍA	
	ZONA ADMINISTRATIVA	DIRECCIÓN , ADMINISTRACIÓN
	ZONA SERVICIOS	LAVANDERÍA, DOUS ALMACÉNS DE MATERIAL DIDÁCTICO, SERVICIOS DO PERSOAL, SERVIZO PERSOAL DE COCIÑA, ZOA DE TAQUILLAS DO PERSOAL COCIÑA, COMEDOR, UN ALMACÉN DE ALIMENTOS
	ZONA DE ACTIVIDADES	DÚAS AULAS DE 0-1 ANOS, TRES AULAS DE 2-3 ANOS, TRES ZOAS DE ASEOS INFANTÍS DORMITORIOS (0-1), DORMITORIOS (2-3), UN PATIO INTERIOR DE USOS MÚLTIPLES
ZONA EXTERIOR (COMUNICADA CON TOAS AS AULAS DAS DISTINTAS ZONAS DA ESCOLA)		ZONA DE XOGOS EDUCATIVOS ADECUADAS AS IDADES DOS NENOS, DÚAS ZONAS LIMITADAS PARA ACTIVIDADE DE HORTO, ZONA VERDE PARA XOGO LIBRE
ZONA POSTERIOR	ZONA SERVICIOS	SERVIZOS DO PERSOAL , TAQUILLAS PARA O PERSOAL
	ZONA DE ACTIVIDADES	TRES AULAS DE 1-2 AÑOS, 3 ZOAS HABILITADAS PARA DURMIR, UN PATIO INTERIOR DE USOS MÚLTIPLES, DOS SALAS DE ASEOS INFANTÍS
		PEQUENO PATIO EXTERIOR COMUNICADO COAS AULAS

4. SERVICIOS QUE OFRECE.

A Escola Infantil Municipal O Bosque prestará servizo durante o curso 2022-2023, de setembro a xuño, ambos os dous incluídos, de luns a venres en horario de 7:30 da mañá a 18:00 h da tarde.

Nos meses de xullo e agosto, a escola poderá ter horario reducido que se establecerá de acordo con nais/pais e titores/as dos usuarios/as.

O tempo máximo de permanencia na Escola Infantil Municipal será de 8 horas, agás casos excepcionais debidamente xustificados.

A Escola dispón dos seguintes servizos:

ALMORZO	DE 7:30 A 9:00H. DEBERÁN TRAELO DA CASA
XANTAR	OS BEBES QUE AÍNDA ESTEAN CON LACTANCIA FARÁN A TOMA A DEMANDA AULAS DE 0-1 / 1-2. HORARIO DE 12:00 A 12:45 AULAS DE 2-3 HORARIO DE 13:00 A 13:45H
MERENDA	OS BEBES QUE AÍNDA ESTEAN CON LACTANCIA FARÁN A TOMA A DEMANDA . UNHA SOA QUENDA DE 16:30 A 17:15

Os nenos/as que utilicen o servizo de comedor ou merenda deberán estar na escola media hora antes da hora asignada para cada comida ou merenda.

O menú de cada xornada estará exposto no taboleiro de anuncios cun prazo dunha semana de antelación, así como na páxina web do Concello de Ames.

Cando os usuarios/as fixos de comedor non utilizasen o servizo deberán avisar con antelación ou ben o mesmo día antes das 9:00 da mañá. Se non se avisa, pagará o custo da comida dese día coma se fose un usuario ocasional.

5.- CALENDARIO E HORARIO DO CENTRO.

A E.I.M. O Bosque, prestarán os seus servizos, de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos, de luns a venres en horario de 7:30 da mañá a 20.00h da tarde. O horario de peche da escola, previo informe da dirección, e unha vez revisados os horarios que os usuarios/as estableceron nas matrículas, reducirase cando a ratio dos nenos/as no centro sexa inferior a un 5 % da matrícula no curso correspondente.

Durante o curso 2023/2024 o horario de peche de setembro a xuño será as 17:30h

No mes de Novembro farase unha revisión do horario de asistencia dos nenos/as por parte do persoal dos centros. No caso de observar incumprimento do mesmo a dirección da escola solicitará ás familias o cumprimento do horario estipulado na matrícula. No caso dun incumprimento reiterado sen a debida xustificación a dirección, previa comunicación á Concellería de Educación, reducirán de oficio o horario solicitado pola familia, polo horario no que o/a neno/a permaneza habitualmente no centro

Nos meses de verán as Escolas prestarán servizos de luns a venres en horario de:

- Xullo de 7:30 a 18:00 (Ou inferior segundo as demandas dos usuarios)
- Agosto de 7:30 a 18:00 (Ou inferior segundo as demandas dos usuarios)

Serán festivos da escola os establecidos no calendario laboral polo Estado e a Comunidade Autónoma e os festivos locais que son os que aproba cada ano a corporación local e que estarán expostos no taboleiro de anuncios do centro.

- A escola pecha o 24 e o 31 de decembro.
- A escola pechará ás 14 horas os seguintes días: 5 de xaneiro e martes de entroido. Os nenos e nenas tamén deberán ser recollidos ás 14:00 os días que se celebren os festivais na escola. (Nadal, Entroido e Fin de curso(en 2-3 anos)).

O tempo máximo de permanencia nas escolas infantís municipais será de oito horas, agás casos excepcionais que serán debidamente xustificados, polos cales se incrementará o importe segundo o establecido na ordenanza fiscal correspondente.

- O almorzo será ata as 9:00 h (deberán traelo da casa).
- O xantar faise en dúas quendas: a primeira ás 12:00h e a segunda ás 13:00 h O horario das merendas será nunha única quenda as 16:30h

Nos meses de xullo e agosto, sempre segundo a demanda do servizo, podería haber unha única quenda de comedor e merenda ás 12:30 e ás 16:30 respectivamente

6.- UNIDADES E PRAZAS AUTORIZADAS

A E.I.M. O Bosque atende o primeiro ciclo de Educación Infantil.

Consta de 115 prazas autorizadas repartidas en 8 unidades:

- 2 unidades de 0-1 anos (8 prazas cada unha).....16 prazas
- 3 unidades de 1-2 anos (13 prazas cada unha)....39 prazas
- 3 unidades de 2-3 anos (20 prazas cada unha)....60 prazas
-

Este curso empezaremos con algunha praza libre en todas as unidades, que esperamos se cubran na revisión de Setembro.

7.- PERSOAL DO CENTRO



RELACION PERSOAL

NOME E APELIDOS	CATEGORÍA LABORAL
M. ^a EMILIA SEARA FERNANDEZ	DIRECTORA PEDAGÓXICA
ROSA M. ^a LOURIDO MARTELO	MESTRA
M. ^a ROSA RIAL FERNANDEZ	MESTRA
ANA M. ^a PORTO MIRAMONTES	MESTRA
ALBA INES FREIRIA IGLESIAS	EDUCADORA
SUSANA SEOANE ANTELO	EDUCADORA
CARMEN LUISA CAMPOS CRESPO	EDUCADORA
M. ^a MAR NOGUERA COUCEIRO	EDUCADORA

SANDRA SANTISO MATA	EDUCADORA
M ^a PILAR SOUTO CRESPO	EDUCADORA
M ^a TERESA PATIÑO NIMO	EDUCADORA
MONICA GOMEZ SEOANE	EDUCADORA
M ^a CARMEN OUTEIRO SUAREZ	EDUCADORA
EVA M ^a GARCIA GARCIA	EDUCADORA
LUCIA REGUEIRO BALSA	EDUCADORA
MILAGROS VILLAR MARTINEZ	EDUCADORA
M ^a MAR ALVAREZ IGLESIAS	EDUCADORA
SUELI DEL ROCIO DIOS CORREA	AUX. COCIÑA
M ^a CARMEN GARCIA PATIÑO	PERS. SERVIZOS XERAIS
M. ^a BELÉN ALVITE BARRIENTOS	PERS. SERVIZOS XERAIS
SOFÍA CAMPOS CRESPO	PERS. SERVIZOS XERAIS
M. ^a PILAR LOSADA QUINTELA	PERS. SERVIZOS XERAIS
ISABEL SUAREZ SILVEIRA	AUX. ADMINISTRATIVA

II.- SINAIS DE IDENTIDADE

1. DEFINIÇÃO DA ESCOLA

CONFESIONALIDADE DA ESCOLA SEGUNDO A LEXISLACIÓN VIXENTE:

No noso proxecto educativo explicitamos os valores constitucionalmente recoñecidos na materia de educación como son a aconfesionalidade, a coeducación, a igualdade de oportunidades e os valores democráticos.

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE AMBOS OS SEXOS

A Escola Infantil Municipal O Bosque , promoverá a igualdade como valor fundamental de convivencia entre os/a s nenos/as. Será o cerne de todas as actividades que se desenvolvan no centro, e reflectirase non só nas actividades e material de traballo senón tamén no comportamento habitual dos mestres/as e educadores/as.

RESPECTO E TOLERANCIA :

Propiciaremos a consideración do/a outro/a, neno/a ou adulto/a, admitindo os diferentes enfoques e opinións dentro dun clima de tolerancia, cordialidade e honestidade. Así mesmo, promover a valoración dos outros seres vivos, os obxectos e a nosa contorna natural.

RESPECTO Á DIVERSIDADE :

Fomentar actitudes de respecto á “diferenza”, facilitando a aceptación de que as realidades individuais son diversas tanto dende o punto de vista cultural, social e económico como dende o propio individuo. O noso obxectivo é propiciar a igualdade de dereitos e obrigacións, a non

discriminación do individuo, a aceptación das “diferenzas”, e o enriquecemento persoal que estas implican.

AUTONOMÍA :

Propiciar o desenvolvemento integral dos nenos e nenas nos aspectos físicos, afectivos e intelectuais, facilitando os recursos que favorezan a toma de iniciativa persoal dentro do grupo e que permitan os procesos de introspección e coñecemento do mundo interno, para crear unha imaxe de si mesmo/a. Tratamos de crear os espazos que permitan o desenvolvemento individual harmónico e a inclusión e participación no grupo.

SOCIALIZACIÓN:

Apreciar a función social da escola como primeiro ámbito de relación ampliado do neno/a onde terá a súa primeira experiencia social fóra do seu núcleo familiar, polo que se debe facilitar os recursos que permitan ao neno/nena establecer as relacións sociais e afectivas, desenvolvendo actitudes de colaboración e apoio que propicien o respecto ás pautas e normas que determinan, tanto o grupo de referencia como o grupo ampliado.

COLABORACIÓN :

Transmitir o interese polo colectivo, polo grupo e a tarefa común, promovendo actitudes de cooperación e axuda de xeito que se facilite a participación, a comunicación e o compromiso de cada un dos individuos con un obxectivo común.

CREATIVIDADE:

Fomentar a utilización dos recursos persoais para enfrontarse a diferentes situacións creando alternativas e buscando “novas formas de facer”, facilitando a investigación, o descubrimento e a creación de diferentes respostas.

ESPÍRITO CRÍTICO:

Fomentar a análise e reflexión sobre o contorno sociocultural, promovendo actitudes flexibles ante outros puntos de vista e de cambio de perspectiva ante a realidade. Facilitar a crítica construtiva que permita ao neno/nena modificar a súa actitude ante sucesos diferentes e coñecendo os seus propios límites, poder actuar activamente no medio que o rodea.

RESPONSABILIDADE:

Propiciar actuacións en consecuencia cos propios principios e valores, respectando os que foron aceptados pola comunidade escolar de xeito que se facilite a iniciativa e a toma de decisións persoais. Se se promove a avaliación e a reflexión sobre o traballo propio e o traballo en grupo, favorecerase a adquisición dun compromiso individual e colectivo coa tarefa e cos individuos.

2. LINGUA DE APRENDIZAXE SEGUNDO A LEXISLACIÓN VIXENTE.

A lingua de uso habitual do centro é o galego. Isto non quita que se atenda de xeito individualizado a aqueles/a nenos/as, pais/nais que non teñan coñecemento abondo do galego.

Ademais baseándonos no decreto 150/2022 do 8 de setembro, polo que se establece o currículo da educación infantil na comunidade Autónoma de Galicia, trataremos que todos os nenos e nenas acaden o desenvolvemento das capacidades lingüísticas en ambas as dúas linguas

oficiais de Galicia cara ao seu uso como vehículo de comunicación.

A Escola Infantil Municipal O Bosque ten feito un Plan Xeral de Normalización Lingüística que está a disposición dos usuarios do Centro.

3. LIÑA METODOLÓXICA.

Baseándonos no Decreto 150/2022 do 8 de setembro polo que se establece o currículo da educación infantil na comunidade autónoma de Galicia temos en conta os seguintes principios pedagóxicos.

Os criterios metodolóxicos fan referencia o modo de intervención que imos seguir na aula a fronte do grupo de alumnos e alumnas a hora de preparar e secuenciar a nosa actividade docente. Terase en conta a seguinte metodoloxía:

- A aprendizaxe sempre será significativa.
- Partirase dun enfoque globalizado.
- Importancia do xogo.
- Creación dun ambiente seguro e de confianza.
- Organización adecuada do espazo e o tempo.
- A lingua vehicular será o galego.
- Materiais curriculares variados.
- Relación familia – escola.
- Principio de atención á diversidade.

Na actualidade, entendemos que non existe un método único de intervención do mesmo xeito que non existe un único método de investigación. Pola contra, sostemos que a metodoloxía ten que adaptarse ao alumnado, ao contexto e á materia, e, por este motivo, adoptamos un criterio plurimetodolóxico.

Os principios de intervención educativa derívanse tanto de fundamentos científicos como de presupostos ideolóxicos ou de coñecementos funcionais concibidos na práctica docente. De seguido, desenvolvemos os principios de intervención educativa dun xeito xeral, os cales, van estar presentes ao longo de toda a programación.

A aprendizaxe sempre será significativa. Nesta aprendizaxe o neno e a nena deben poder establecer relacións entre as súas experiencias previas e as novas aprendizaxes.

Enfoque globalizador. Este principio supón que a aprendizaxe é o resultado de múltiples conexións entre o novo e o xa coñecido. Este proceso será factible sempre e cando as relacións que se establezan e os significados que constrúan sexan amplos e diversificados.

Importancia do xogo. O xogo é un instrumento fundamental que os nenos e nenas empregan como canle de relación co entorno, para coñecer e aprender a realidade tanto física como social. É unha actividade natural desta etapa, constitúe un importante motor do desenvolvemento, tanto nos seus aspectos emocionais como intelectuais e sociais. No xogo xúntanse, por unha parte, un forte carácter motivador e, por outra, importantes posibilidades para que os nenos e nenas establezan relacións significativas.

O xogo ten un dobre tratamento metodolóxico nesta etapa: dunha parte subliñando a necesidade de dotar dun carácter lúdico calquera actividade que se realice na aula, evitando a falsa dicotomía entre xogo e traballo e, doutra, posibilitando o xogo autónomo do alumnado.

Creación dun ambiente seguro e de confianza. Nesta idade é imprescindible a creación dun ambiente cálido, acoledor e seguro, no que o neno e a nena se sintan queridos e confiados para poder afrontar os retos que lle xurdan no coñecemento progresivo do seu medio e para adquirir os coñecementos que lle permitan acceder a el.

· Os nenos e nenas precisan establecer co/coa educador/a unha relación persoal de gran calidade. Isto transmitirlle a confianza básica e a seguridade precisa para o seu desenvolvemento.

· As relacións de comunicación que se dan na aula constitúen tanto un obxectivo educativo como un recurso metodolóxico de primeira orde. As dificultades e reaxustes que se xeran no grupo facilitan o progreso intelectual, afectivo e social.

· **Organización adecuada do espazo e do tempo.** Unha axeitada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos materiais e distribución do tempo, será fundamental para a consecución das intencións educativas.

O espazo escolar permítelle ao neno situarse nel, sentilo seu, a partir das súas experiencias e relacións con persoas e obxectos. A distribución do espazo debe adecuarse ás necesidades do alumnado. Débense prever as distintas situacións e decidir sobre os medios que as fagan posibles evitando organizacións ríxidas.

A variedade de actividades educativas que se realizan con nenos e nenas destas idades fan necesario que se habiliten espazos que reúnan as condicións necesarias para a súa realización. Os recunchos orientados cara o xogo simbólico, a expresión plástica, a música, a manipulación, a conversa son un exemplo de distribución do espazo na aula.

A organización do tempo é outro elemento a ter en conta, xa que, na educación infantil, a organización das actividades require flexibilidade e unha adecuación ao ritmo dos nenos e nenas. É, básico respectar os principios do desenvolvemento cognitivo e socioafectivo, mantendo unha organización do tempo o máis natural posible sen forzar o ritmo da actividade e mantendo determinadas constantes temporais ou rutinas.

A diversidade de materiais cos que contamos na educación infantil deben ser axeitados ás intencións que se persigan. O centro ten que ofrecer unha gama variada de obxectos, xoguetes e materiais que proporcionen múltiples posibilidades de manipulación.

Relación familia-escola. A educación infantil ten sentido pleno nun marco de colaboración e coordinación entre os elementos que inciden no proceso educativo dos nenos e nenas. As relacións fluídas e continuadas entre centro e familias permiten unificar criterios e pautas de actuación entre adultos que, dunha ou outra forma, interveñen directamente na educación dos máis pequenos.

Na nosa escola intentamos favorecer as relacións entre a familia e o centro, estimulando a súa participación e colaboración nas tarefas educativas e detectando os problemas que sufra o neno, orientando e mediando coa familia para atopar solucións axeitadas. Por este motivo, todo o persoal esta a disposición das familias para transmitirille toda aquela información que necesiten, polos distintos medios que temos establecido par iso:

- Entrevista Inicial
- Titorías
- Axendas dixitais informativas diarias (Aplicación TokApp)



ENTREVISTA INICIAL

NIVEL:

CURSO:

DATOS PERSOAIS DO/A NENO/A

- NOME E APELIDOS.....
- DATA E LUGAR DE NACEMENTO.....
- NACIONALIDADE.....
- DOMICILIO.....
.....
- TELÉFONO DE URXENCIA EN CASO DE NON PODER LOCALIZAR A PAI OU NAI
.....
PREGUNTAR POR.....

DATOS FAMILIARES

- NOME E APELIDOS DO PAI/TITOR.....
- DATA E LUGAR DE NACEMENTO.....
- NIVEL DE ESTUDIOS.....
- PROFESIÓN.....
- TELÉFONO
- LUGAR E TELÉFONO DO TRABALLO.....
.....
- NOME E APELIDOS DA NAI/TITORA.....
- DATA E LUGAR DE NACEMENTO.....

- NIVEL DE ESTUDIOS.....
- PROFESIÓN.....
- TELÉFONO.....
- LUGAR E TELÉFONO DO TRABALLO.....

.....

• **IRMÁNS:**

- Nº DE IRMÁNS.....LUGAR QUE OCUPA.....
- NOME.....IDADE...../...../.....
- NOME.....IDADE...../...../.....
- NOME.....IDADE...../...../.....
- ¿TEN IRMÁNS NO CENTRO?.....NIVEL.....

ASPECTOS SANITARIOS

- EMBARAZO: NORMAL.....COMPLICACIÓNS CALES?
.....
- PARTO: NORMAL.....COMPLICACIÓNS.....CALES?
.....
- HOUBO PROBLEMAS DESPOIS DO PARTO?..... DE QUE TIPO?.....
.....
- TEN ALGÚN PROBLEMA?
(AUDITIVO ,VISUAL,MOTRIZ,RESPIRATORIO,DIXESTIVO,OUTROS)
.....
.....
.....
- RECIBIU ESTIMULACIÓN OU TRATAMENTO INDIVIDUALIZADO?. DURANTE CANTO

TEMPO?

.....

- TEN ALGUNHA ALERXIA?

.....

.....

- PRECISA ALGÚN TRATAMIENTO ESPECIAL?

.....

.....

- ENFERMIDADES QUE PADECEU. A QUE IDADE?.

.....

.....

.....

HÁBITOS

ALIMENTACIÓN:

- LACTANCIA MATERNA BIBERÓN PAPA PICADO

- SEGUE ALGUNHA DIETA?

.....

.....

- TEN PROBLEMAS COA COMIDA?(mastigación, deglutición, dixestión,...)

.....

SONO:

- DURME SÓ?.....

- COMPARTE HABITACIÓN?..... CON QUEN?.....

- PRECISA ESTAR ACOMPAÑADO PARA DURMIR?.....
- TEN ALGUNHA MASCOTA, CHUPETE OU ALGUNHA OUTRA COUSA PARA DURMIR?.....

CONTROL DE ESFÍNTERES: (SO PARA 2-3 ANOS)

- ¿A QUE IDADE EMPEZOU A CONTROLAR?.....
- ACTUALMENTE: CONTROLA.....NON CONTROLA.....NON NOITE.....
- ¿QUE NIVEL DE AUTONOMÍA TEN PARA IR Ó BAÑO?.....

RELACIONES :

RELACIÓN COS ADULTOS:

- O NENO/A ESTÁ PRINCIPALMENTE CON: (PAI, NAI, OUTRAS PERSOAS...)

- RELACIONÁSE SEN PROBLEMA CON OUTROS ADULTOS?

RELACIONES COS OUTROS NENOS:

- GÓSTALLE ESTAR CON OUTROS NENOS?

NIVEL MADURATIVO:

LINGUAXE:

- A QUE IDADE EMPEZOU A EMITIR AS PRIMEIRAS PALABRAS?

-
- TEN ALGÚN PROBLEMA RELACIONADO COA LINGUAXE?

-
- LINGUA OU LINGUAS QUE SE FALAN NA FAMILIA:

GALEGO

CASTELÁN

- OUTROS..... ¿CALES?.....

MOTOR:

- GATEOU?..... XA CAMIÑA?A QUE IDADE COMEZOU A ANDAR?.....

- TEN DIFICULTADES NO MOVEMENTO? (pés, problemas posturais, pouca axilidade de movementos)
-
-

EMOCIONAL:

- É NERVIOSO OU TRANQUILO?.....
 - COLLE RABIETAS A MIÚDO?.....
 - COMO CONSEGUEN CALMALO?
-
-

OBSERVACIÓNS QUE CONSIDEREN OPORTUNAS:

.....

.....
.....
.....

DATA:

SINATURA

4. COEDUCACIÓN: A EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE.

Dende a E.I.M. O Bosque cremos que a escola pública se caracteriza polo seu papel “compensador de desigualdades”. Na nosa escola todos e todas temos sitio para sermos nós mesmos/as sexa cal sexa a nosa orixe, cultura, ideoloxía, situación familiar; cremos nunha sociedade diversa capaz de vivir en harmonía, entendemos a escola como un tempo e un espazo para a humanización onde todos/as atopen o seu lugar.

No artigo 34 do R.R.I. facemos referencia á promoción da igualdade entre neno e nenas.

A Escola Infantil Municipal O Bosque deberá promover a igualdade como valor fundamental de convivencia entre os nenos e nenas. A igualdade de xéneros será a cerna de todas as actividades que se desenvolvan no centro e reflectirase non só nas actividades e material de traballo senón tamén no comportamento habitual dos mestres e mestras e educadores/as. Todas as actividades reflectiranse no Proxecto Educativo de Centro e tamén nos deseños curriculares. O persoal da escola prestará atención especial ao fomento e respecto da interculturalidade, como instrumento de superación das desigualdades, prexuizos e racismo.

5. COLABORACIÓN COS PAIS E NAIS.

No Regulamento de Rexime Interno da Escola contemplamos a colaboración dos pais e das nais do seguinte xeito:

- A dirección da escola infantil, fomentará a colaboración dos pais e nais co centro e as relacións co persoal deste.
- Os pais, as nais ou os representantes legais poderán solicitar unha reunión co titor ou titora do seu fillo/filla ou coa dirección de conformidade co horario establecido para tal fin. (con cita previa e presencial ou telefónica)
- En todo caso a dirección informará por escrito ao principio do curso dos horarios de atención aos pais, nais ou representantes legais dos nenos e nenas.
- Porase a disposición do usuario un libro de reclamacións. O contido destas reclamacións exporáselle de xeito periódico ao consello de centro, agás naqueles casos nos que se requira unha contestación inmediata.
- Ademais buscamos a colaboración da ANPA para todas as actividades que se levan a cabo no centro, intentando participar nas que eles organizan.

5. PERÍODO DE ADAPTACIÓN



PERIODO DE ADAPTACIÓN

O ingreso na escola supón para o neno e a nena un gran cambio. Sae dun mundo familiar con códigos establecidos e roles determinados e coñecidos, dun ambiente no que se sente protexida ou protexido , onde é o centro de atención , e introdúcese no ambiente escolar , con moitos cambios e novidades na súa vida cotiá, con outras nenas e nenos e con outras persoas adultas que, de momento , non son da súa confianza.

A entrada na escola significa o primeiro achegamento a un espazo educativo e de relación que acompañará a nena ou neno durante moitos anos da súa vida, pero tamén significa a primeira separación do seu medio familiar.

Non é un momento sinxelo nin para os nenos/as nin para os pais/ nais e por suposto tampouco para as educadoras, por iso dende a nosa Escola insistimos tanto na importancia do período de adaptación e dedicámoslle todo un mes (Setembro), tempo que ,aínda que non sempre e suficiente ,polo menos permitirá unha axeitada transición do neno/a dende a familia a Escola Infantil

Non todos os nenos e nenas reaccionan igual diante da mesma situación , e cada un desenvolve os seus recursos de defensa e de oposición. Hai nenos e nenas que choran, berran,gritan, patexen, agreden a outros, néganse a comer ,sofren retrocesos,... outros amósanse encantados e apenas notan o cambio. Pero todos necesitan a nosa comprensión,afectividade e paciencia tanto na casa como na Escola e **o tempo necesario que cada un precise para a súa adaptación.**

Polo tanto :

.- O mes de setembro será utilizado como período de adaptación para os/as nenos/as de novo ingreso. Os nenos/as que empecen na escola un mes distinto de setembro utilizarán o mesmo sistema de adaptación

.- Durante o período de adaptación iranse aumentando pouco a pouco os tempos de estancia na escola, organizándose da seguinte forma:

- A primeira semana asistirán á escola **só media hora** e a segunda semana asistirán unha **hora**, non podendo empregar o servizo de comedor nesta primeira quincena.
- A partir da terceira semana, segundo como se vaia adaptando o neno/a iranse establecendo os tempos de estancia na escola, podendo empregar xa o servizo de comedor.

.- A incorporación progresiva posibilitará que na Escola Infantil se lle preste unha especial atención os primeiros días, mellorando a calidade da acollida e da adaptación /relación afectiva coas educadoras.

A todos ,nenos e nenas , pais e nais, dámosvos dende a nosa Escola a Benvida

III.- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

A educación infantil deberá de contribuír a que os nenos e nenas acaden os seguintes obxectivos, baseados no Decreto 150/2022 do 8 de setembro polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

O principal obxectivo q na nosa Escola é estimular o desenvolvemento de todas as capacidades humanas (físicas, afectivas, intelectuais, sociais e morais) do neno/a, nos seus primeiros anos de vida sen esquecer a parte asistencial establecida para este tramo de idade.

Ademais pretendemos desenvolver os seguintes obxectivos:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferencias.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas
- e) Relacionarse cos demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos , evitando calquera tipo de violencia
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes de expresións
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e na escritura, no movemento , no xesto e no ritmo
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas , físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e homes que realizaron contribucións importantes a cultura e a sociedade galega

1. OBXECTIVOS DO CENTRO NOS DIFERENTES ÁMBITOS

1.1 PEDAGÓXICO.

- Potenciar a aprendizaxe e desenvolvemento da lingua galega na nosa escola infantil.
- Coñecer e descubrir os costumes e tradicións da zona, facéndoas propias a través de actividades globalizadas, con sentido para os nenos e nenas.
- Potenciar e formar ao/á neno/a nos ámbitos de desenvolvemento motor, cognitivo, de equilibrio persoal, de inserción social e das relacións interpersoais.
- Educar na igualdade de dereitos aos nenos e nenas sen discriminación por razón de sexo, respectando a diversidade, baseándonos na aceptación das distintas razas, culturas e etnias.
- Intentar que a escola sexa unha experiencia óptima para os nenos e nenas, educadores e a comunidade educativa en xeral.

1.2. ADMINISTRATIVO

- Utilizar a escola como canle de comunicación cos servizos do concello.
- Facilitar a tramitación da documentación precisa para a nosa escola ou para calquera outro centro do concello.
- Informar aos servizos sociais do concello de calquera incidencia que poida xurdir nalgunha das familias matriculadas no centro.

1.3. ORGANIZATIVO

- Establecer unha comunicación fluída entre todas as partes da comunidade educativa.
- Traballar en equipo como factor básico para cohesionar o grupo e asumir metas comúns.
- Cumprir e facer cumprir as normas do centro para manter un ambiente estable e de confianza.

1.4. INSTITUCIONAL

- Establecer relacións con outras institucións de ámbito educativo, cultural e administrativo para a integración do centro no contorno e para a mellora da calidade do ensino.

1.5. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

- Conseguir que os nenos e nenas galegos/as expresen o seu enxeño, desenvolvan a súa sensibilidade, manifesten as súas habilidades e potencien as súas capacidades sensoriais en galego.
- Traballar para que os cativos e cativas exerzan o dereito fundamental de apropiarse do mundo na lingua de seu e de aprender sen os prexuízos que derivan do conflito lingüístico.
- Contribuír á creación de espazos educativos galegos con identidade propia.
- Proporcionar e recoñecer claves para traballar desde a interculturalidade.

IV.- ORGANIZACIÓN ESCOLAR

1. Participación e goberno do Centro

A Escola Infantil Municipal O Bosque disporá da seguinte estrutura orgánica:

- ➔ **1.1· Dirección:** 1 Directora Pedagóxica
- ➔ **1.2 Persoal de atención directa aos nenos e nenas:** 3 mestras e 13 educadoras
- ➔ **1.3 Persoal de servizos:** 1 Aux de cociña e 4 persoas de servizos xerais
- ➔ **1.4 Auxiliar Administrativa**
- ➔ **1.5 Comisión de baremación.**
- ➔ **1.6 Comisión educativa:**
- ➔ **1.7.Consello do centro**

1.1· Dirección: 1 Directora Pedagóxica

É a representante do centro e o/a responsable do seu correcto funcionamento. Depende orgánica

e funcionalmente do/a Concelleiro/a de Educación do Concello de Ames, e as súas funcións mínimas serán as seguintes:

- Elaborar a memoria anual do centro
- Propoñer ou presentar o proxecto educativo que será elaborado pola Dirección mais o persoal de atención directa aos nenos/as.
- Autorizar actuacións extraordinarias para o normal desenvolvemento do centro
- Convocar e presidir reunións do persoal, así como executar e facer cumprir os acordos adoptados nas mesmas.
- Prestar atención personalizada aos usuarios tanto a través do desempeño da función

educativa como directiva

- Coordinar as relacións do persoal cos pais (anuais, Nadal, saídas,...)
- Comunicarlle ao Concello as incidencias relativas ás necesidades de mantemento do Centro,
- baixas do persoal, necesidades materiais, e calquera acontecemento.
- Exercer a garda dos menores ingresados no centro acorde co previsto na lexislación vixente.
- Supervisar, coordinar e facer cumprir o correcto desenvolvemento das actividades programadas.
- Cumprir e facer cumprir as leis, disposicións vixentes, etc. do Regulamento de Réxime Interior.
- Participar activamente en todas as actividades complementarias e extra- escolares reflectidas
- no PEC e na programación anual, aprobadas polo Consello do Centro.

1.2 Persoal de atención directa aos nenos e nenas: 3 mestras e 13 educadoras

1.2.1 Tres mestras:

- Elaborar a programación da aula
- Exercer a actividade educativa na súa aula
- Atender as rutinas diarias de cada neno/a
- Participar na elaboración do Proxecto Educativo do Centro
- Participar na elaboración da programación anual e da memoria anual
- Participar activamente en todas as actividades complementarias e extra-escolares reflectidas no PEC e na programación anual, aprobadas polo Consello do Centro.
- Substituirán ó director/a en caso de vacacións, asuntos propios ou enfermidade.

1.2.2 Trece educadoras:

- Desempeñar a función educativa na formación integral dos nenos/as dentro da súa aula.
- Coidar da orde, seguridade, entretemento, alimentación e aseo persoal dos nenos/as da súa aula
- Axudar na realización das actividades programadas
- Participar na elaboración do Proxecto Educativo.
- Participar activamente en todas as actividades complementarias e extra-escolares reflectidas no PEC e na programación anual, aprobadas polo Consello do Centro.

1.3 Persoal de servizos: 1 Aux de cociña e 4 persoas de servizos xerais

1.3.1 Auxiliar de cociña

- Encargado/a da preparación dos menús.
- Responsabilizarse do bo estado dos alimentos e da súa preparación.
- Encargado/a da limpeza da cociña e do comedor así como dos utensilios de cociña
- Tarefas de apoio administrativo básico que lle sexan requiridas pola dirección da escola.
- Participar activamente en todas as actividades complementarias e extra- escolares reflectidas no PEC e na programación anual, aprobadas polo Consello do Centro.

1.3.2 Persoal de servizos xerais

- Encargados/as da orde e limpeza das estancias encomendadas
- Orde, distribución e mantemento dos materiais encomendados
- Encargados/as da lavandería e da portería

- Apoio en tarefas de pinche de cociña e substitución da cociñeira cando o servizo o requira
- Tarefas de apoio administrativo básico que lle sexan requiridas pola dirección da escola.
- Participar activamente en todas as actividades complementarias e extra- escolares reflectidas no PEC e na programación anual, aprobadas polo Consello do Centro
- Outros que poidan xurdir do seu cargo.

1.4. Auxiliar Administrativa

- Prestar tarefas de apoio administrativo, responsabilizándose daquelas xestións administrativas sinxelas que se lle encomenden.
- Asumir a responsabilidade da clasificación e arquivo de documentos e expedientes.
- Levar a cabo actividades administrativas elementais, con arranxo a instrucións recibidas ou normas existentes.
- Redactar oficios simples.
- Realizar tarefas de atención ó público en xeral
- Transcribir documentos.
- Colaborar na conformación e seguimento dos trámites administrativos dos expedientes.
- Control e reposición do material de oficina do seu departamento
- Calquera outra, correspondente á súa escala, e propia do departamento no que se integra

1.5 Comisión de baremación.

Composta por:

- Presidente: concelleiro/a de Educación ou concelleiro en quen delegue.
- Secretario/a do concello ou funcionario en quen delegue.
- Vogais: o director/a pedagóxico/a do centro,
- Un representante do Consello Escolar Municipal (se está en funcionamento), un representante dos pais e nais dos menores.

Competencias:

- Velar polo cumprimento do proceso de ingreso.
- Velar pola aplicación do procedemento de admisión.
- Propor e decidir as altas e baixas que se produzan.
- Proporlle ao alcalde as solicitudes de ingreso.

1.6 Comisión educativa:

Composta por:

- Concelleiro/a de Educación ou concelleiro en quen delegue.
- Director/a pedagóxico/a ou unha mestra en quen delegue.
- Mestres/as e educadores/as do centro.

Competencias:

- Elaborar o Proxecto Educativo de Centro e a Programación Anual de Actividades.
- Facer o seguimento da programación do centro e do proceso educativo grupal e individual.
- Supervisar a aplicación curricular e a súa aplicación ao Proxecto Educativo de Centro.
- Aplicación do regulamento, así como a súa revisión e actualización.

1.7. Consello do centro

É o órgano colexiado que asumirá a coordinación xeral do centro, marcará as directrices e adoptará os acordos precedentes. A directora pedagóxica é a encargada de convocar as reunións e levalas a cabo. A primeira reunión celebrarase ao comezo do curso e convocarase

cunha semana de antelación e na convocatoria estará exposta a orde do día. Calquera membro do consello poderá convocar unha reunión extraordinaria solicitándollo á directora da escola cunha semana de antelación.

Composición:

- Director/a pedagóxico/a ou mestra en quen delegue
- 1 representante do persoal educativo
- 1 representante do persoal de servizos
- 1 representante dos pais/nais dos menores
- 1 representante do Consello Escolar Municipal
- Concelleiro/a de Educación ou concelleiro en quen delegue.

Competencias:

- Aprobar a memoria anual de actividades
- Aprobar o Proxecto Educativo de Centro e a Programación Anual de Actividades, elaboradas pola comisión educativa
- Proporlle á administración competente cantas medidas sexan precisas para mellorar o funcionamento do centro.
- Supervisar que as directrices e a programación se axusten aos principios, criterios e obxectivos establecidos pola administración competente. Os representantes do persoal educativo e do persoal de servizos serán elixidos internamente dentro da súa categoría. O/a representante dos pais e nais dos menores será elixido mediante convocatoria única.

2. Organización do persoal do centro

A E.I.M O Bosque consta de 8 unidades distribuídas da seguinte forma:

- Dúas unidades de 0-1 anos
- Tres unidades de 1-2 anos
- Tres unidades de 2-3 anos

Para a asignación das educadoras aos grupos levamos a cabo un sistema de rotación onde intentaremos que as educadoras realicen o ciclo enteiro dos 0 aos 3 anos cos mesmos nenos e nenas. En cada grupo de idade temos unha mestra e o resto do persoal son educadoras, intentando estar a maioría do tempo a parella educativa.



HOTARIO DO PERSOAL

A ESCOLA ABRE DE 7:30 A 17:30 H NO CURSO 2023-2024

0 -1-A	0-1-B	1-2-A	1-2-B	1-2-C	2-3-A	2-3-B	2-3-C
ROSA R.	SANDRA S.	LUCÍA G.	ANA P.	SUSANA S.	PILAR S.	ROSA L	CARMEN C.
MAR N.	MÓNICA G.	CARMELA O.	ALBA I.F.	MAR A.	EVA G.	MILAGROS V.	TERESA P.

HORARIOS PERSOAL DOCENTE

NOME	HORARIO
ROSA RIAL	8:00-15:00
MAR NOGUERA	10:30-17:30
SANDRA SANTISO	9:00-16:00
MÓNICA GÓMEZ	9:30-16:30
M^a DEL CARMEN OUTEIRO	9:00-16:00
LUCÍA REGUEIRO	9:00-16:00
ANA PORTO	9:30-16.30
ALB I. FREIRIA	7:30-14:30
MAR ALVAREZ	8:00-15.00
SUSANA SEOANE	10:30-17:30
PILAR SOUTO	9:00-16:00
EVA GARCÍA	9:30-16:30
ROSA LOURIDO	7:30-14:30
MILAGROS VILLAR	9:00-16:00
M^a TERESA PATIÑO	8:30-15:30
CARMEN CAMPOS	10:30-17:30

HORARIOS DO PERSOAL DE SERVIZOS

NOME	HORARIO
SULI DEL ROCIO DIOS	9:00-16:00
SOFÍA CAMPOS	9:30-16:30
PILAR LOSADA	9:30-16:30
M^a DEL CARMEN GARCÍA	8:00 15:00
BELEN ALVITE	10:30-17:30

HORARIO DO PERSOAL DA AUXILIAR ADMINISTRATIVA

ISABEL SUAREZ: DE 9:00 A 16:00 H

HORARIO DIRECTORA PEDAGÓXICA

EMILIA SEARA : DE 9:00 a 16:00 H

3. A DIMENSIÓN DO GRUPO.

Segundo o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, a ratio establécese do seguinte xeito; a proporción adulto/neno será como máximo a seguinte:

- Unidades para nenos e nenas menores de 1 ano: 1/8.
- Unidades para nenos e nenas de 1 a 2 anos:1/13.
- Unidades para nenos e nenas de 2-3 anos: 1/20.

No caso de non existir demanda suficiente para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, os nenos poderán ser agrupados conforme a seguinte proporción:

- Grupos formados por nenos e nenas de ata 2 anos de idade: 1/10.
- Grupos formados por nenos e nenas de idades comprendidas no tramo 0-3: 1/15.

No noso caso, dada a demanda deste curso adaptámonos ás primeiras proporcións, quedando do seguinte xeito:

.-Dúas aulas de 0-1anos:

- Aula 0-1-A: 5 nenos/as a xornada completa.
- Aula 0-1-B: 4 nenos/as a xornada completa , 1 praza de emerxencia social reservada.

.- Tres aulas de 1-2 anos

- Aula 1-2-A: 9 nenos/as a xornada completa.
- Aula 1-2-B: 11 nenos/as a xornada completa, e 1 praza de emerxencia social libre.
- Aula 1-2-C:10 nenos/as a xornada completa,1 nenos/as a media xornada e 1 praza de emerxencia social libre.

.- Tres aulas de 2-3 anos:

- Aula 2-3-A: 8 nenos/as a xornada completa e 2 nenos/as a media xornada
- Aula 2-3-B: 11 nenos/as a xornada completa, 1 neno/a a media xornada e 1 praza de emerxencia social libre.
- Aula 2-3-C: 11 nenos/as a xornada completa, 2 nenos/as a media xornada e 1 praza de emerxencia social libre.

4. A TITORÍA NA ESCOLA INFANTIL.

Como titores/as, os obxectivos que nos formulamos son os seguintes:

- Favorecer o traballo coordinado do equipo docente de cada grupo clase co obxecto de facer máis eficaz a tarefa docente e poder adaptala mellor ás características de cada grupo e de cada alumno.
- Facilitar a integración do alumnado no seu grupo clase e no centro, promovendo a actuación responsable tanto na marcha do grupo coma na participación activa nas actividades organizadas a nivel de centro.
- Potenciar o seguimento do proceso individual realizado por cada alumno e a atención ás necesidades diversas derivadas do mesmo.
- Unir esforzos do equipo educativo no planificación duns valores que lles axuden a seren persoas e a convivir e comportarse adecuadamente nas súas relacións dentro dos grupos.

Os horarios de titorías distribúense do seguinte xeito e deberán solicitarse mediante cita previa.




HORARIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO E TITORÍAS

HORARIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

ATENCIÓN OFICINA : 9:00h A 13:00h **Martes e Xoves (Isabel Suárez)**

ATENCIÓN PEDAGÓXICA: 9:00h A 14:00h **Luns a Venres (Emilia Seara)**

TITORÍAS



ALUMNOS DE 0 A 1 ANO:

CLASE A

MARTES DE 10:00 A 10:30h E 15:30h. A 16:00h.

ROSA R E MAR N

CLASE B

MARTES DE 10:30 A 11:00h E 15:30h. A 16:00h.

SANDRA E MÓNICA

ALUMNOS DE 1 A 2 ANOS:

CLASE A

MÉRCORES DE 10:00 A 10:30h E 15:30:00h. A 16:00h.

LUCÍA E CARMELA

CLASE B

LUNS DE 10:00 A 10:30 E DE 16:00 A 16:30h

ANA P E ALBA I. F.

CLASE C

LUNS_DE 10:30 A 11:00h. E DE 15:30 A 16:00h

SUSANA E MAR A

ALUMNOS DE 2 A 3 ANOS:

CLASE A

MÉRCORES DE 9:30h. A 10:00h. E 16:00 a 16:30h

PILI E EVA

CLASE B

VENRES DE 9:30h. A 10:00h. E 15:30 a 16:00h.

ROSA L. E MIKI

CLASE C)

XOVES DE 10:30h. A 11:00h. E 15:30 A 16:00h

CARMEN E MAITE

- A dirección prégalles confirmen a súa visita o día anterior

5. Reunións do equipo educativos

O persoal de atención aos nenos/as reúne en varias ocasións ao longo do curso

- Reunión a finais de xuño para organizar a Programación Anual que despois levaremos a cabo ao longo do seguinte curso, elaborar a Memoria do curso actual,...
- Reunións trimestrais para organizar as actividades que realizaremos en cada trimestre
- Reunións puntuais en cada trimestre para especificar algunhas das actividades, como por exemplo: Festivais, Semanas Temáticas, etc
- Calquera outra que fixera falta

6. A UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS ESCOLARES.

6.1. COMEDOR

- 7:30- 9:00: ALMORZO
- 12:00-14:45: XANTAR.
- 16:30 – 17:15: XANTAR

6.2. Servizo de comedor



SERVIZO DE COMEDOR

NIVEL:

CURSO:

NOME DO NENO/A.....

Po motivos da organización do comedor da escola, agradeceríamos que nos comunicarades, o antes posible voso fillo/a come de:

BIBERÓN

No caso de tomar leite de formula por favor anotade a cantidade de leite e de cereais(no caso de que os tome), que leva cada toma

.....
.....

BATEDOR

Especificade que alimentos pode tomar, incluído se toma iogur.

No taboleiro da entrada está exposto o menú de batedor por se queredes ver os ingredientes que empregamos cada día.

.....
.....

MENÚ TRANSICIÓN(PARA QUEN O SOLICITE)

*Consistirá nos ingredientes do batedor pero picados+ iogur

PICADO

.....
.....

TEN ALGUNHA INTOLERANCIA?.....

CAL?.....

*Todos/as aqueles nenos/as que teñan algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, deberán traer un informe médico, que acredite dita circunstancia para que, a nutricionista, poda adaptarlle o menú da escola.

Sen o certificado médico non poderán empezar a empregar o servizo de comedor

OBSERVACIÓNS QUE CONSIDEREN OPORTUNAS:

.....
.....
.....

DATA:.....

SINATURA

ALERXIAS

ANEXO IV



PROTOCOLO ACT. REACCION ALERXICA

SÓ PARA NENO/AS ALÉRXCOS

ALUMNO/A: _____

IDADE: _____ CURSO: _____ CLASE: _____

PAI/NAI/TITOR: _____ TEL. AVISO: _____

ALÉRXCICO/A A: _____

ASMÁTICO/A: SI
NON

ADRENALINA: SI
NON

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

- 1.- NON DEIXAR NUNCA O NENO/A SÓ
- 2.- CHAMAR A URXENCIAS (TEL. 061) E COMUNICAR QUE É UNHA REACCIÓN ALERXICA.
- 3.- ADMINISTRAR O MEDICAMENTO CORRESPONDENTE.
- 4.- POÑERSE EN CONTACTO CO PAI/NAI/TITOR

**** Será requisito imprescindible entregar informe médico**

**** Anexar formulario Alerta escolar cuberto e firmado**

AUTORIZACIÓN PAI/NAI/ TITOR/A

Don/dona _____, pai/nai/titor legal, autorizo ao persoal da E.I.M. "O Bosque" á administración dos medicamentos que constan

nesta

ficha

ao

meu

fillo/a _____

Data e sinatura

Consonte ao disposto no Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016), os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do CONCELLO DE AMES. En calquera momento, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento, portabilidade, non ser obxecto de decisións individualizadas e información, comunicándoo a través dun escrito que presentará no Rexistro xeral do Concello.

6.2 DORMITORIOS:

Zoas habilitadas para o descanso dos nenos/as ao longo da xornada de permanencia na escola.

- Hay dous nas aulas de 0-1 anos: un por aula
- Dous para as aulas de 1-2 anos
- Un para as aulas de 2-3 anos

6.3 ZONA DE USOS MÚLTIPLES:

- Dous patios interiores que empregamos para distintas actividades:

Psicomotricidade
Realización de actividades conxuntas
Xogo libre
Reunións coas familias
Festas da escola
...etc

6.4 PATIO EXTERIOR E XARDÍNS

- Espacio empregado para realizar as actividades da nosa Horta.
- Xogo libre cando o tempo o permiten
- Festas nas que invitamos as familias
- ...etc

V.- PROPOSTA PEDAGÓXICA

1. OBXECTIVOS

1.1 OBXECTIVOS XERAIS

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

1.2 OBXECTIVOS POR ÁREAS:

Na escola Infantil Municipal "O bosque " formularemos os obxectivos por área en base ó DECRETO 150/2022 , do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os obxectivos de área son os desempeños que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas ós contidos de cada área. Os obxectivos das áreas constitúen un elemento de conexión entre, por unha banda, as competencias clave e, por outra os criterios de avaliación e os contidos das áreas.

As ensinanzas da educación infantil organízanse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil.

As áreas da educación infantil segundo o decreto 150/ 2022 do 8 de setembro son as seguintes :

- 1.- Comunicación e Representación da realidade.
- 2.- Crecemento en Harmonía.
- 3.- Descubrimento e exploración da contorna

COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE :

Pretende promover nos nenos/as as capacidades que lles permitan comunicarse e interpretar a realidade a través das distintas linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade , representar a realidade e relacionarse coas demais persoas.

Os obxectivos da área relaciónanse coa habilidade de comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira respectuosa , ética , adecuada e creativa. Os obxectivos ó redor dos que se organizan as aprendizaxes desta área están orientados cara a tres aspectos fundamentais da comunicación : a expresión, a comprensión e a interacción para visibilizar as posibilidades comunicativas das diferentes linguaxes e formas de expresión.

A oralidade é o instrumento por excelencia para a comunicación, pero non se pode obviar a importancia fundamental que ten tamén nestes primeiros anos a comunicación non verbal. Nesta etapa educativa tamén se inicia o acercamento á literatura infantil , escoita das primeiras nanas, cancións de berce, primeiros contos...Prestarase especial atención o desenvolvemento de actitudes positivas e de respecto tanto o repertorio lingüístico propio como ó das demais persoas. E sempre dende a realidade da nosa comunidade na que conviven dúas linguas cooficiais que os nosos nenos/as deben coñecer, utilizar e valorar como parte da súa identidade.

A linguaxe artística é un medio de expresión onde a creatividade esta moi presente nesta etapa, pois ten moito que ver coa curiosidade vital, así que a nosa tarefa debe ser acompañala e proporcionar as ferramentas necesarias para consolidala.

A linguaxe musical é un medio que permite a comunicación cos demais, xa que posibilita a escoita atenta e activa e facilita , en gran maneira a adquisición da linguaxe oral, a súa estruturación , ton, ritmo e entoación. Da mesma maneira fará que os nenos/as se aproximen ó coñecemento de distintas manifestacións musicais en ambas linguas cooficiais.

A linguaxe plástica vai ser un achegamento o descubrimento e adquisición de forma progresiva da experimentación sensorial dos materiais,o gozo polo efecto da pegada e a experimentación con diferentes técnicas e materiais para expresar ideas, emocións e sentimentos.

A linguaxe corporal permite o descubrimento de novas e persoais posibilidades expresivas que poden utilizarse con unha intención comunicativa , representativa ou estética e contribuirán ó autocoñecemento e a construción da identidade e ó coñecemento da realidade.

OBXECTIVOS:

- 1.- Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder as esixencias da contorna.

2.- Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.

3.- Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.

4.- Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.

5.- Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.

CRECIMENTO EN HARMONIA :

Céntrase na dimensión persoal e social do neno/a, entendidas como inseparables e complementarias, que se desenvolven e regulan de maneira progresiva, conxunta e harmónica. Partindo do recepto ós ritmos e estilos de maduración individuais os procesos de ensinanza e aprendizaxe deben adaptarse ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo de cada neno/a.

Os obxectivos da área identifican as actuacións que se esperan que os nenos/as sexan capaces de desprezar en relación co seu propio desenrolo persoal e social ó longo desta etapa, como consecuencia da intervención educativa.

Atenderase ó desenvolvemento psicomotor, á adquisición paulatina do control de si mesmo e ó proceso gradual de construción da propia identidade, froito do descubrimento das súas posibilidades motrices e das interaccións consigo mesmo, coa contorna e cos demais.

Nas primeiras etapas do desenvolvemento, o corpo é fonte de experimentación, de aprendizaxes, de relación e de expresión e base da actividade autónoma. A contorna escolar debe proporcionar o contexto adecuado e o acompañamento necesario baixo unha mirada atenta, paciente e respectuosa para que os nenos/as poidan descubrir o desfrute que lles proporciona a actividade por iniciativa propia, que é a súa principal necesidade en relación coa súa contorna, nun ambiente estimulante de seguridade, calma e tranquilidade. Ó longo desta etapa irán acadando un progresivo control do seu corpo cara unha actividade motora cada vez máis intencional e irán construíndo a súa propia personalidade, diferenciada da dos demais.

Coa incorporación á contorna escolar os nenos/as descubrirán a súa pertenza ó medio social, ampliándose de maneira significativa as relacións interpersoais, xerándose novos vínculos e desenvolvéndose actitudes como a confianza, a empatía e o apego, que van a constituír unha sólida base para a súa socialización.

A diversidade étnico-cultural posibilita o acceso dos nenos/as ós diversos usos e costumes sociais dende unha perspectiva aberta e integradora, que lles vai permitir coñecer as diversas manifestacións culturais presentes na sociedade, e deste xeito xeraranse actitudes de aceptación, respecto e aprecio.

OBXECTIVOS:

- 1.- Progresar no coñecemento e no control do seu propio corpo a na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.
- 2.- Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva.
- 3.- Adoptar modelos , normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable.
- 4.- Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade , valorando a importancia da amizade, do respecto, da diversidade e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto ós dereitos humanos.

DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA:

Esta área fai referencia ó descubrimento, exploración e comprensión daquilo que configura a realidade dos nenos/as, considerando as súas múltiples relacións e interdependencias, coa finalidade de construír un coñecemento sobre o medio físico, natural e social. O medio é un todo integrado, onde os elementos naturais e culturais se relacionan e se inflúen mutuamente.

Con esta área preténdese favorecer o proceso de descubrimento, comprensión, observación e exploración dos elementos físicos, naturais e sociais da contorna, tratando de que xunto co seu progresivo coñecemento, adopten e desenvolvan actitudes de respecto e valoración sobre a necesidade de coidala e de protexela. Preténdese en conclusión , potenciar a curiosidade infantil cara a contorna , así como estimular unha disposición activa cara o seu coñecemento, evolucionando dende o plano individual cara o colectivo. Concíbese o medio natural e social como a realidade na que se aprende e sobre a que se aprende.

Nesta etapa da educación infantil os nenos/as descubren unha contorna sociocultural diferente á da súa familia e ábrese a establecer outras formas de relación ás xa coñecidas a través da mediación da figura do adulto de referencia e dos seus iguais. Alentados polo interese e pola emoción van participar con iniciativa propia en situacións de aprendizaxe nas que interactuarán con obxectos , espazos e materiais.

OBXECTIVOS :

- 1.- Identificar as características de materiais , obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración , a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvemento das destrezas lóxico-matemáticas para descubrir e crear una idea cada vez máis complexa do mundo.
- 2.- Desenvolver, de maneira progresiva , os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e ós retos que se presenten.
- 3.- Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sustentable , o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.

4.- Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade , apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.

2. ORGANIZACIÓN DA XORNADA DIARIA

2.1 Rutinas aulas 0-1 anos



RUTINAS AULA 0-1 ANOS

ENTRADA : A medida que van chegando, saudarémolos, reixarémolos nas colchonetas para que disfruten dun momento de xogo libre e manipulativo

MOMENTO DE ACTIVIDADE, XOGO E DESCANSO: Atendendo ás demandas de cada neno/a, actuaremos cubrindo as súas necesidades de descanso ou actividade. Os que precisen durmir irán ó seu berce, cos que non aproveitaremos para facer as distintas actividades programadas para ese día.

RUTINAS E HIXIENE: Cambiaremos cueiros e lavaremos as mans sempre que sexa preciso

MEDIA MAÑÁ : Tomaremos unha galleta e un grollo de auga.

XOGO LIBRE: Xogan libremente ata que chegue a hora de comer.

HORA DA COMIDA: Colocaremos a cada neno/a na súa trona e comenzaremos coa comida dando preferencia a aqueles que almorzaron máis cedo.

HORA DE HIXIENE: Aseámoslos e revisamos cueiros.

HORA DA SESTA: Despois de comer é hora de descansar un pouco e cada un vai ó seu berce. Unha vez que desperten revisamos cueiros e aseámoslos.

DESPOIS DA SESTA: Aproveitamos este momento para poder ter un contacto máis directo con cada neno/a (dámoslle un colíño, deitámonos con eles no chan, cantámoslle cancións, ...)

DESPEDIDA: Preparamos para marchar a todos/as aqueles que xa se vaian ás súas casas e non merenden na escola.

MERENDA: Colocamos a cada un nunha trona e dámoslle a merenda. Ó rematar aseámoslos e revisamos cueiros.

HORA DE DESCANSO: O que rematan de merendar case todos dormen unha sesta pequena.

HORA DE XOGO LIBRE: O despertar da sesta dedicamos un tempo ó xogo libre, antes de que se vaian para as súas casas.

ATA MAÑÁ: Preparámonos para ir a casa.

2.1 Rutinas aulas 1-2 anos



RUTINAS AULA 1-2 ANOS

ENTRADA: .A medida que van chegando, acollémoslos, colocamos as súas pertenzas na súa percha, indicándolle onde está para que se vaian familiarizando.

XOGO LIBRE: Xogan libremente mentres non chega a maioría.

ASEMBLEA: Tratamos de sentarnos no chan, saudámonos todos, imos dicindo os nomes e conversamos. Tamén a nosa mascota Pancho participará nas nosas conversas.

ACTIVIDADES: En función do tema que imos traballar ese mes iremos facendo as actividades que temos programadas e as circunstancias nolo permitan.

RUTINAS DE HIXIENE: Cando sexa preciso pasaremos polo baño a mirar o cueiro e lavarnos.

MEDIA MAÑÁ: Tomaremos unha galleta e un vaso de auga.

PATIO: Estableceremos quendas para non coincidir nas horas do patio. Cada clase sairá nun horario determinado previamente.

ACTIVIDADES DESPOIS DO PATIO: Sentámonos un pouco e contamos un conto, miramos fotos,... Aproveitamos para ter unha actividade tranquila despois de estar en movemento polo patio.

RUTINAS DE HIXIENE: Pasamos de novo polo baño para revisar cueiros.

XOGO LIBRE: Mentres van pasando polo baño os demais xogan libremente, pero de maneira organizada e vixiados.

RECOLLIDA: Recollemos os xoguetes e lavamos as mans para ir a comer.

COMIDA: Estableceremos quendas de entrada e saída do comedor.

VOLTA A CLASE: Farase de forma graduada por clase dende o comedor e ó chegar á clase lavaranse as mans e a cara e preparámoslos para ir á sesta.

DESCANSO: Durmimos nun ambiente relaxado con música de fondo.

DESPOIS DA SESTA: A medida que se van levantando pasamos de novo polo baño para cambio de cueiros e aseo.

XOGO LIBRE: Xogamos en distintos espazos para evitar que as distintas clases se mesturen.

DESPEDIDA: A maioría dos noso nenos/as marchan para a súa casa despois da sesta, polo tanto cando se acerca a hora preparámoslos es despedímoslos.

MERENDA: Imos ó comedor a merendar cos nenos/as que veñen de xornada de tarde ou fan a merenda na escola. Ó rematar volveremos á clase a xogar

DESPEDIDA : Preparámoslos para marchar.

2.1 Rutinas aulas 2-3 anos



RUTINAS AULA 2-3 ANOS

ENTRADA: A medida que van chegando, acollémolos, colocamos as súas pertenzas na súa percha, indicándolle onde está para que se vaian familiarizando.

XOGO LIBRE: Xogan libremente mentres non chega a maioría.

ASEMBLEA: Tratamos de sentarnos no chan, saudarnos todos, imos dicindo os nomes e conversamos. Tamén a nosa mascota participa nas nosas conversas.

ACTIVIDADES: en función do tema que imos traballar ese mes iremos facendo as actividades que temos programadas e as circunstancias nos permitan.

RUTINAS DE HIXIENE: Cando sexa preciso pasaremos polo baño a mirar o cueiro e lavarnos.

MEDIA MAÑÁ: Tomaremos unha galleta e auga aqueles que lle apeteza.

PATIO: Saímos ó patio a xogar.

ACTIVIDADES DESPOIS DO PATIO: Sentamos un ratiño e contamos un conto, miramos fotos, ... Aproveitamos para ter unha actividade tranquila despois de estar en movemento polo patio.

RUTINAS DE HIXIENE: pasaremos de novo polo baño para revisar cueiros .

XOGO LIBRE: Mentres van pasando polo baño os demais xogan libremente pero de maneira organizada e vixiados.

RECOLLIDA: Recollemos os xoguetes e lavamos as mans para ir a comer

HORA DA COMIDA: Imos a comer.

VOLTA A CLASE: Preparámonos para ir a durmir.

DESCANSO: Ambiente relaxado con música de fondo. Os nenos/as que non durmen esperan noutra aula xogando a que os veñan recoller.

DESPOIS DA SESTA: A medida que se van levantando pasamos de novo polo baño para cambios de cueiros e aseo.

XOGO LIBRE: Xogamos no patio mentres esperamos a que as familias veñan a recollelos.

DESPEDIDA: A maioría dos nenos/as marchan á casa despois da sesta, polo tanto cando se achega a hora preparámoslos e despedímoslos.

MERENDA: Imos ó comedor a merendar cos nenos/as que veñen de xornada de tarde ou fan a merenda na escola. Ó remate volvemos á clase a xogar e preparalos para marchar.

ATA MAÑÁ:Preparámonos para ir a casa

3. RECURSOS MATERIAIS

3.1 Recursos materiais aulas 0-1 anos

Na unidade de 0 a 1 na Escola Infantil Municipal “ O bosque “ contamos con 2 aulas , nas que hai matriculados 8 nenos/as en cada unha.

Os nenos/as dende ben pequerrechiños necesitan seguir unhas rutinas para sentirse seguros e tranquilos no ambiente no que están. Estas accións regulares no tempo establecen uns horarios, pero ademais , os hábitos repetitivos axudan a construír un equilibrio emocional, que lles vai proporcionar un mecanismo importantísimo para establecer relacións positivas cos compañeiros/as, coas profes e con outros adultos. Nas nosas aulas seguiremos as rutinas establecidas , pero sempre respectando o ritmo individual de cada neno/a.

Temos organizadas as aulas por recunchos, definindo recuncho como un espazo delimitado onde os nenos/as desenvolven actividades lúdicas, realizan pequenas investigacións e establecen relacións interactivas entre iguais e cos adultos.

Dividimos as aulas nos seguintes recunchos :

- Recuncho da alimentación : neste espazo satisfácense as necesidades alimentarias, nel prepáranse biberóns e esterilízanse. Tamén se dan as papas na hora da comida. Os materiais dos que dispoñemos son : microondas, quentabiberóns, biberóns,esterilizador, auga , leite, cereais, vasos, tronas, cadeira de lactancia...
- Recuncho do aseo e hixiene : neste espazo satisfácense as necesidades hixiénicas: o cambio de cueiros e o aseo persoal dos nenos/as .Os materiais utilizados son : cambiador, bañeira, casilleiros para os cueiros e as toallíñas, , cepillos para peinarse, xel, xabón, colonia...
- Recuncho do descanso : neste espazo é onde os nenos/as dormen e descansan , xa que a estas idades dormen moi a míudo e precisan facer varias sestas ó longo do día. Os materiais utilizados son: hamacas, berces, mantiñas,radiocasete e cds de música relaxante...
- Recuncho do xogo: neste espazo os nenos/sa xogan libremente con distinto tipo de xoguetes. O chan esta cuberto por unha gran colchoneta onde poden estar comodamente sentados mentes xogan. Tamén se realizan ademais do xogo libre actividades dirixidas . Os materiais que utilizados son : xoguetes sonoros, contos, botellas e bolas sensoriais, apilables, pezas de construción....

Equipamento e recursos didácticos :

x Equipamento:

- 1 sala de berces.
- 13 berces.
- 8 hamacas.
- 2 radiocasetes.
- Varios porta cds onde gardamos a música .
- 2 microondas.
- 1 quentabiberóns.
- 1 esterilizador.
- 5 tronas.

- 2 mesas e 4 cadeiras para as profes.
- 2 sofás de lactancia.
- 2 espellos.
- 2 cortizas.
- 2 cambiadores .
- 2 colectores de cueiros.
- Casilleiros para cueiros e toalliñas.
- 2 bañeiras de aseo.
- 2 papeleiras.
- Percheiros para as pertenzas dos nenos/as.
- 2 dispensadores de xabón .
- 2 dispensadores de panos de papel.
- 2 colchonetas grandes.
- Mobles con estantes para gardar material didáctico.
- Mobles para material das profesoras.
- Moble para almacenar cueiros , toalliñas , mantas...
- 2 taboleiros onde se colgan os chupetes.
- 4 contedores de babeiros, dous para os pequenos e dous para os grandes da comida.
- 2 caixas onde se gardan biberóns , leite e cereais.
- 2 termómetros.

x Recursos didácticos :

- Bolas sensoriais irisadas.
- Set de espellos pequenos.
- Bolsa con panos de malabares.
- Bolsa con ovos sonoros.
- Botellas sensoriais.
- Caixa de pezas de construción grandes de espuma.
- Caixa de instrumentos.
- Caixa de campás.
- Caixa de axóuxeres.
- Cesto dos tesouros.
- Contos de tela, de sons, de texturas...
- Caixa con distinto material sensorial :axóuxeres, mordedores, xoguetes musicais pequenos.
- Táboa de parede con distintos xogos manipulativos.
- Balancíns.
- Correpassillos.
- Varias mantas de actividades.
- Varios ximnasios.
- Varios bumbos e coxíns de ferradura.
- Cubo das estacións.
- Caixa das luces.
- Teatrillo.
- Zona de cortinas para o xogo do escondite.
- Puzzles e encaixables de pezas grandes.
- Caixa de peluches.
- Caixa das pelotas sensoriais : de texturas, tamaños e sons distintos.
- Botes de cintas de cores.
- Pelota grande de masaxe.
- Xoguetes de arrastre.
- Unha barra ancorada na parede para suxeitarse e poñerse de pé.
- Varias mesas de distintas actividades manipulativas.

- Cubos apilables.
- Caixa con distintos materiais : papeis , telas , caixas pequenas, plásticos...

3.2 Recursos materiais aulas 1- 2 anos

PATIO INTERIOR CON ACCESO A PATIO EXTERIOR COMÚN ÁS OUTRAS UNIDADES. En este patio interior atopamos material diverso de xogo e psicomotricidade:

- 17 aros
- cilindro e túnel acolchado
- 5 balancíns
- 3 arcos de espuma
- 1 rampla
- Módulos de espuma.

PATIO INTERIOR CON ACCESO ÁS AULAS E A PATIO EXTERIOR EXCLUSIVO PARA 1-2 ANOS:

- 1 colchoneta
- 1 tatami de dous módulos
- 1 armario
- 1 cociña
- 1 garaxe
- 2 mesas
- 1 banco
- 1 moble cambiador con acolchado
- 2 colectores cueiros
- papeleira
- 2 estantes
- 1 TV
- 1 moden
- 1 teléfono de sobremesa
- 1 escoita
- 8 perchas
- 3 xogos de encaixar de parede
- 8 coches
- 4 motos
- 1 caixa de urxencias
- 2 caixas con coches
- 1 caixa con tubos de fío
- 2 caixas con construcións
- 1 caixa con pelotas
- 1 caixa con instrumentos
- 1 caixa con animais
- 1 caixa con trapiños e roupiñas

PEQUENO PATIO EXTERIOR: 1 banco. En este patio usaremos as motos e coches para xogar cando o tempo o permita.

AULA 1-2 A:

- 2 mesas,
- 9 cadeiras (4 pequenas e 5 grandes)
- 1 moble cambiador
- 1 tatami.
- 1 moble baixo .

- 1 colector cueiros
- 1 moble camas
- 9 camas
- 10 hamacas
- 1 moble organizador de materiais
- 1 colgadoiro con varias perchas
- 1 microondas
- 1 esterilizador
- 2 papeleiras
- 1 equipo música
- 1 table
- 1 teléfono
- 1 cámara de fotos
- 1 encerado magnético
- 1 teatrillo
- 1 caixa con monicreques
- 1 caixa con coches
- 1 caixa con bonecos
- 1 caixa con axóuxeres
- 1 caixa con cacharriños
- 2 espumas psicomotricidade
- 1 casiña seta
- 2 bandexas de plástico
- Contos varios adaptados a esta idade
- Quebracabezas varios adaptados a esta idade
- Cubo bloques madeira.
- Xoguetes educativos de actividades diversas
- Materiais diversos: ceras, pinceis, témperas, gomets, tampóns, esponxas, ...

BAÑO 1-2 A

- Moble cambiador con acolchado
- 1 lavabo
- 1 dispensador de panos
- 1 deshumidificador
- 1 colector cueiros
- 1 cesta roupa sucia
- 1 andel para cueiros, toallíñas e produtos de hixiene

CLASE 1-2 B

- 1 moble organizador de materiais
- 1 mesa
- 1 papeleira metálica
- 1 espello
- 1 termómetro
- 2 colgadoiros : 1 de 9 perchas e outro de 8
- 1 tatami de 3 pezas
- 1 equipo música con cd e pen con música
- 1 teléfono
- 1 table
- 1 encerado magnético
- 1 cociña
- 5 xogos educativos
- Contos e libros adaptados a súa idade
- 1 Potato
- Fotos e tarxetas de vocabulario.
- Cubos para facer torres

- Material de desfeito
- Caixa con animais
- Caixa con tubos de fío
- Caixa con construcións
- Caixa con cacharriños e comidiñas
- Caixa con bonecos e trapiños
- Caixa con pelotas
- Caixa con material xogo heurístico
- Quebracabezas adaptados á súa idade
- Maletín con ferramentas
- 1 bandexa para experiencias
- Fotos e tarxetas de vocabulario
- Botes para facer pompas
- Pinturas para maquillaxe
- 11 mandilóns de plástico
- Materiais diversos : témpera líquida e ceras brandas, esponxas para estampar, pasta de modelar, siluetas e rodillos, pinceis, brochas, gomas, depresores, plumas, lá, diferentes tipos de cartolinas e papeis, pegamento, cola, celo , purpurina, pompóns , plumas , ollos móbiles...
- 11 mandilóns de plástico.
- 1 caixa con molinillos
- Material de oficina: grapadora, sacabocados, celo, rotuladores, bolis, tesoiras, gomas, folios brancos e de cores.

CLASE 1-2 C

- 1 moble organizador de materiais
- 1 espello
- 1 encerado magnético
- 1 papeleira
- 1 table
- 1 equipo música con cds e pen de música
- 1 colgadoiro con 12 perchas
- 1 reloxo
- 1 bandexa para experiencias.
- 1 caixa con cacharriños
- 1 caixa con coches
- 1 caixa con construcións
- 1 caixa con bonecos
- Contos adaptados á súa idade
- 5 caixas con bits de intelixencia: alimentos, obxectos, animais, partes do corpo
- Maxiloto de animais
- Cubos para facer torres
- Quebracabezas e encaixables adaptados á súa idade
- Material de xogo heurístico
- Materiais diversos: pasta de modelar, siluetas, rodillos, pinceis, ceras, témperas, folios brancos e de cores, gomets, pompóns, la, ...

DORMITORIO

- 17 camas
- 2 carros para camas
- 1 deshumidificador
- 2 colgadoiros de chupetes
- 4 coxíns

BAÑO COMÚN A B - C

- 1 moble baño
- 1 moble cambiador con 2 acolchados
- 1 lavabo
- 1 dispensador de panos
- Andel para cueiros e toalliñas
- 2 colectores cueiros
- 1 cubo roupa sucia
- 1 escaleira para subir ó cambiador
- Toallas
- 2 almofías usos diversos

3.3 Recursos materiais aulas 2-3 anos

En 2 a 3 contamos con tres aulas, A, B, e C. Nelas temos o seguinte mobiliario.

AULA 2-3 A

- 4 mesas redondas.
- 13 cadeiras.
- 2 mobles altos con estantes.
- 2 mobles baixos con estantes.
- 1 papeleira.
- 1 espello.
- 1 encerado.
- 1 taboleiro magnético.
- 3 percheiros con repisa (20 perchas).
- 1 radiocasette.
- 1 bandexa con xerra de auga, vasos e caixa de galletas.
- Baño: moble con cambiador e casilleiros para os cueiros.

AULA 2-3 B

- 2 mesas rectangulares pequenas
- 3 mesas redondas.
- 18 cadeiras.
- 3 mobles altos con estantes.
- 1 moble baixo clasificador.
- 1 expositor de libros.
- 1 baúl con rodas.
- 1 papeleira.
- 1 espello.
- 1 encerado.
- 1 taboleiro magnético
- 3 percheiros con repisa (20 perchas).
- 1 radiocasete.
- 1 bandexa con xerra de auga, vasos e caixa de galletas.
- Baño: moble con cambiador, casilleiros para os cueiros.

AULA 2-3 C

- 2 mesas rectangulares grandes.
- 15 cadeiras.
- 2 mobles para gardar as camas.
- 31 camas.
- 2 mobles baixos clasificadores.
- 1 moble alto con estantes.
- 1 moble expositor.
- 1 papeleira.

- 1 espello.
- 1 encerado.
- 1 taboleiro magnético.
- 1 radiocasete.
- 1 bandexa con xerra de auga, vasos e caixa de galletas.
- Baño: moble con cambiador, casilleiros para os cueiros.

MATERIAL DIDÁCTICO

A continuación detallaremos os recursos didácticos cos que contamos nas tres aulas de 2 a 3.

- 1 caixa grande de clipos.
- 1 caixa grande de bolas de plástico de diferentes cores.
- 1 caixa grande de pelotas.
- 1 caixa grande de siluetas de goma de forma redonda.
- 1 caixa con figuras xeométricas de feltro engomado de varias cores.
- 1 caixa grande de pezas de construción de madeira.
- Caixas con pezas de construción de plástico.
- 1 caixa con Módulos H.
- 1 caixa con ordenadores de plástico.
- 1 caixa grande de animais: granxa, acuáticos, salvaxes, aves, dinosaurios...
- 1 caixa de Ponis.
- Caixas de carretes de fíos grandes.
- 3 caixas grandes con coches, camións...
- 3 garaxes.
- 1 castelo.
- 1 caixa grande con material de limpeza: vasoiras, fregonas, recolletores...
- 3 caixas grandes con bonecos e mantiñas.
- 3 caixas grandes con comidiñas, vaixelas e cubertos.
- 3 cociñas.
- 1 caixa grande de instrumentos musicais variados.
- 1 bolsa con panos de malabares.
- Maletíns de médicos, salón de peiteado, bricolaxe...
- Crebacabezas de madeira de temas variados: animais, comidas, aseo...
- Táboas de cosido de plástico e de madeira.
- Botóns, bolas e cilindros para ensartar.
- Pasta de modelar.
- Rulos, coitelos e siluetas para xogar coa pasta de modelar.
- Libros de contos de temas variados: emocións, control de esfínteres, cores, animais, contos clásicos...
- Xogos Maxicolored.
- Dominós de animais.
- Monicreques de contos clásicos.
- Monicreques de emocións.
- 1 caixa cos Monstros das Emocións.
- Caras de emocións.
- Varios Mister Potato.
- Xogos de sons familiares con cd e fotografías.
- Maletíns de imaxes de accións, alimentos, obxectos, roupa...
- Crebacabezas de madeira para formar figuras unindo as súas metades.
- Xogo de madeira para identificar parte de diante e parte de atrás do mesmo obxecto ou animal.
- Xogos dos oficios, de animais (asociación de imaxes).
- Maxiloto obxectos.
- Tactilotos.
- Dominó de texturas.
- Xogos de asociación de imaxes.
- Caixas con regretas.
- Xogos de Bolos.
- Caixas con parafusos e porcas.
- Pinzas de plástico para exercitar a pinza dixital.

- Disfraces e complementos.

Materiais funxibles:

- Pompóns de cores de diferentes tamaños.

- Pinturas de dedos de cores variados.

- Pinceis, esponxas, rulos e tampóns de formas para experimentar coa pintura de dedos.

- Ceras, lapis de cores de madeira, rotuladores de cores...

- Folios de cores.

- Folios brancos.

- Gomets de diferentes formas e cores.

- Pegamentos en barra, botes de cola branca.

- Cartolinas brancas e de cores variados.

- Distintos tipos de papeis: seda, celofán, agasallo, embalar...

4. AVALIACIÓN

A avaliación nesta etapa será **global, continua e formativa**. Faremos unha valoración do proceso de aprendizaxe de maneira cualitativa tendo presente os progresos individuais dos nenos e nenas.

A avaliación está orientada a identificar as condicións iniciais, individuais, o ritmo e as características da evolución de cada neno e nena.

Utilizaremos técnicas diversas adaptadas as diferentes situacións de aprendizaxe que nos permitan facer unha valoración obxectiva dos nosos cativos. Tendo isto presente **a observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación**.

No apartado de Relación Familia-Escola deste Proxecto Educativo enmarcamos a **Entrevista Inicial** onde recollemos a información facilitada pola familia que nos serve para coñecer certos aspectos do momento evolutivo e de certas rutinas de cada neno e nena. Ó longo do Período de Adaptación observaremos os comportamentos e o seu desenvolvemento e faremos unha **Avaliación Inicial** para poder adaptar as nosas programacións as condicións individuais de cada un dos nosos cativos.

Cada día e de maneira directa observaremos os comportamentos e a evolución no desenvolvemento de cada neno e nena, a análise das súas producións e a información facilitada polas familias na comunicación diaria e nas titorías. Esta información sérvenos para contribuír a mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe, detectar dificultades e poder facilitar o apoio educativo preciso, valorar as estratexias metodolóxicas, os recursos utilizados e a práctica educativa dos profesionais implicados.

As familias, como parte da comunidade educativa, deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo, **terán dereito a información referente as decisións relativas a avaliación** e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo si foran precisas.

O remate de cada curso levaremos a cabo unha **avaliación final** onde, de maneira obxectiva, valoraremos os logros acadados por cada neno e nena no seu desenvolvemento e a evolución na súa aprendizaxe.

Serviranos como referente para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas, **os criterios de avaliación por áreas que figuran no Decreto 150/2022** e que mencionaremos de maneira máis específica nas nosas Programacións Anual e Trimestrais.